




# Rimando con Rosalia

IES Xosé Neira Vilas

24 de febreiro de 2019



Esta é a longa historia  
dunha pequena nena,  
ansiosa e decidida  
que pola súa terra morría.

O galego encantáballe,  
tiña o pelo alborotado,  
e sempre escribía  
sobre o seu lugar amado.


Échese de lágrimas  
a súa desaparecida alegría,  
mentres que ao mundo ensina  
a súa gran valentía.

Co galego naceu,  
co galego morría  
e deixou aos seguintes  
a lingua que quería.

E eu pequerrecha de todo  
sigo sen comprender,  
coas palabras que ela dixo,  
por que o galego seguimos sen querer?

*E por que miña almaña,  
por que agora non queres  
o que antes querías?*

**Rosalía de Castro e Denise, 2ºA**




*No ceo, azul clarísimo;  
no chan, verdor intenso;  
no fondo da miña alma,  
todo sombrío e negro.*

No mar, verde infinito;  
nubes escuras, no ceo;  
na espera da miña amada,  
teño un sorriso nos beizos.

Na mañá, brétema fina;  
na noite, vento viaxeiro;  
no fondo da miña alma,  
G Galicia, namorarte quero.

**Rosalía de Castro e Lucía G., 2ºA**




*Miña terra, miña terra,  
terra donde me eu criei,  
hortiña que quero tanto,  
figueiriñas que prantei.*

Caldo que tomei  
e coellos que cacei,  
a miña Galicia é miña,  
miña e non de ninguén.

Galicia, Galicia,  
canto recordo dos labregos  
aos que quixemos tanto de nenos!  
Como olvidar os grelos  
que comemos ata estar cheos?

**Rosalía de Castro e Diego, 2ºA**







*Cantaban os grilos,  
os galos cantaban,  
o vento entre as follas  
ruxindo pensaba*

"Malditos animais...  
non fan nada e ademais  
destrúen o planeta  
coma se fose unha boneca!"

Despois diso  
empezou a desaparecer,  
ao mellor foi a unha disco  
para bailar ata o amencer.

**Rosalía de Castro e Nicolás, 2ºA**





*Unha vez tiveren un cravo  
crauado no corazón,  
e eu non me acordo  
se era aquel cravo  
de ouro, de ferro ou de amor.*


Intentei aprender que ese cravo  
non me facía o ben,  
facíame sentir pequena  
cando se retorecía cada vez máis  
no meu peito.

Mais tamén me facía grande  
cando te acercabas.  
Entón, durante uns segundos,  
ese cravo facíame forte,  
porque eu sabía que ti  
eras a resposta  
de todas as miñas preguntas.

Necesito o cravo, quero o cravo,  
xa que sen el...  
non sabería o que de verdade sinto por ti,  
meu cravo de amor

**Rosalía de Castro e Sabela, 2ºA**






*Aquelas risas sen fin,  
aquele brincar sen dolor,  
aquela louca alegría,  
por que acabou?*

Por que acabou?  
Aquela felicidade intensa,  
aquele sentir,  
aquele vivir...

Por que acabou?  
Porque tiña que acabar  
e así,  
seguir vivindo e sentindo.

**Rosalía de Castro e Mireia, 2ºA**






*Galicia ti non tes patria,  
ti vives no mundo soa,  
e a prole fecunda túa  
espállase en errantes hordas.*

Os teus habitantes síntense orgullosos  
de ter nacido en tan boa terra,  
pero a maioría substitúen o galego  
polo castelán, facéndoche un feo vulgar.

Pero aínda así non morrerás  
porque os tesouros perduran no tempo.  
Se o mundo non te quere,  
ti tampouco o has querer.

**Rosalía de Castro e Sarai, 2ºA**





*Aquelas risas sen fin,  
aquele brincar sen dolor,  
aquela louca alegría,  
por que acabou?*


Era todo de cor,  
nada me aburría.

E todo isto,  
para que desaparecería?

Eu pasábao ben,  
todo era brincar,  
agora non é igual...  
agora todo é chorar.

**Rosalía de Castro e José, 2ºA**






*Lugar máis fermoso  
non houbo na terra  
que aquel que eu miraba  
que aquel que me dera.*

**Pobo máis fermoso  
non houbo no mundo  
que aquel que eu anhelaba  
que aquel que me amaba.**

**Rosalía de Castro e Sofía, 2ºA**



*Unha vez tiveren un cravo  
cravado no corazón  
e cando se me cravou  
abríuseme coma un mexillón.*

*Cando era tempo de inverno  
pensaba en donde estarías,  
se dentro dun conto  
ou nas miñas tolerías.*

**Rosalía de Castro e Paula, 2ºA**




## Miña Galicia

*Miña terra, miña terra,  
terra donde me eu criei,  
hortiña que quero tanto,  
figueiriñas que plantei.*

No ceo, nubes de soños;  
no chan, margaridas tranquilas;  
no fondo do meu corazón  
estás ti, meu amor.

No ceo, paxaros viaxando;  
no chan, esquíos saltando;  
e o fondo da miña alma  
tórnase verde esperanza.

**Rosalía de Castro e Ana Belén, 2ºA**




*Unha vez tiveren un cravo  
cravado no corazón,  
e eu non me acordo se era aquel cravo  
de ouro, de ferro ou de amor.*

O teu amor foi tóxico,  
técnico e simple,  
honorífico e abatible.

Agora estou caendo  
nun profundo abismo,  
agora estou aprendendo  
o que é o altruísmo.

**Rosalía de Castro e Marta, 2ºA**




*Miña terra, miña terra,  
terra donde me eu criei,  
hortiña que quero tanto,  
figueiriñas que plantei.*

Doíame moito a espalda  
cando eu te plantaba.  
Agora o sol e a choiva  
fante crecer,  
ata que eu con cariño  
te poida comer.

**Rosalía de Castro e Alejandro L., 2ºA**





*Cantaban os grilos,  
cando facía sol  
no chan, verdor intenso  
cantan moi fermosos.*

*Os galos cantaban  
nunha alborada  
con moita alegría  
na nosa terra.*

*Ai esta nosa Galicia,  
na que nós vivimos  
e todos cantabamos...  
Miña terra, miña terra...*

**Rosalía de Castro e Jenifer, 2ºA**





*Por que, miña almiña,  
por que agora non queres  
o que antes querías?*


Por que, miña almiña,  
por que agora non amas  
o que antes amabas?

Por que, miña almiña,  
por que agora non pensas  
o que antes pensabas?

**Rosalía de Castro e Mateo, 2ºA**







*Miña terra, miña terra  
terra donde me eu criei  
hortiña que quero tanto  
figueiriñas que prantei.*

Meu sol, meu sol,  
que alumea os meus días,  
que conmove o meu corazón  
e me inspira un montón.

Paxariños cantan,  
paxariños cantan  
e a miña alma levantan.

**Rosalía de Castro e Pedro, 2ºA**






**Eu son libre.  
Nada pode conter a marcha dos meus pensamentos  
e eles son a lei que rexe o meu destino.**

**Ese destino é volver a Galicia,  
volver á súa xente,  
á súa ledicia.**

**Porque Galicia é o meu fogar  
e na súa fermosura  
eu quero afogar.**

**Rosalía de Castro e Gonzalo, 2ºA**






*Caín tan baixo, tan baixo  
que a luz onda min non vai;  
perdín de vista as estrelas  
e vivo na escuridá.*

A tristeza era a casa onde vivía,  
cría algo que non existía.  
Ti eras a miña alegría,  
eu axudábate se caías.

Cando iamos xuntos ao prado,  
ti non parabas de rirte ao meu lado,  
cando cantaba o paxaro  
e o ceo era claro.

**Rosalía de Castro e Lucía U., 2ºA**






*Caín tan baixo, tan baixo  
que a luz onda min non vai,  
perdín de vista as estrelas  
e vivo na escuridá.*

Ata que unha estrela  
me iluminará,  
cun lume tan forte  
coma a ponte na que me criei,  
tan fermosa  
coma unha rosa.

**Rosalía de Castro e Elena, 2ºA**



*No ceo, azul clarísimo;  
no chan, verdor intenso;  
no fondo da miña alma,  
todo sombrío e negro.*

Un vento fortísimo  
que arrastra dores de osíxeno.  
No meu corazón, vermello intenso  
e no meu pulmón, unha dor teño.

Mais o sol segue deslumbrando  
e as persoas seguen camiñando  
coa indiferenza de saber  
que o mundo vai desaparecer.

**Rosalía de Castro e Sara, 2ºA**

# SKATE

*Corre o vento, o río pasa,  
corren nubes, nubes corren  
camiño da miña casa.*


Corre o vento, o río pasa,  
son eu que vou para a casa,  
co meu skate podo correr,  
se mo quitan podo morrer!

Con el fago o camiño á casa,  
sen el o tempo non pasa.  
Moitas ganas teño de patinar,  
pero se chove téñome que aguantar.

Cando collo o meu patín,  
eu son feliz e teño bo humor  
pero no verán fai moita calor.

*Corre o vento, o río pasa,  
corren nubes, nubes corren  
camiño da miña casa.*

**Rosalía de Castro e Fran, 2ºB**




*No ceo, azul clarísimo;  
no chan, verdor intenso;  
no fondo da miña alma,  
todo sombrío e negro.*

Na rúa, todo árbores frondosas;  
no chan, todo negra pedra é;  
no fondo do meu corazón,  
todo escuro e turbio é.

No parque, o fresco vento;  
no tren, todo frío ferro é;  
na miña cabeza,  
todo branco e xordo é.

**Rosalía de Castro e Fernando, 2º B**



*Miña terra, miña terra,  
terra donde me eu criei,  
hortiña que quero tanto,  
figueiriñas que plantei.*


Miña terra, miña terra,  
mares nos que nadei,  
augas que quero tanto,  
lorchos que pesquei.

Miña terra, miña terra,  
terra onde paseei,  
bosques que quero tanto,  
esquíos que observei.

**Rosalía de Castro e Pablo, 2ºB**









*Quíxente tanto meniña,  
tívenche tan grande amor  
que para min eras lúa,  
branca aurora e claro sol.*

Entón sempre lembra  
o que un día eu escribín  
pensando en ti.

Nunca te entregues  
nin te apartes,  
xunto ao camiño nunca digas:  
"Non podo máis, aquí me quedo"

**Rosalía de Castro e Martina, 2º B**





*Lugar máis fermoso  
non houbo na terra,  
que aquel que eu miraba  
que aquel que me dera.*


Galiza, Galiza, téñoche no corazón,  
quérote tanto, pero máis a túa cor.  
Cando chove todo se volve gris  
pero aínda así, quérote sen fin.

Verde dende a terra,  
verde dende o ceo,  
canto verde! Que mareo!

As praias tamén existen,  
coa súa cor azul.  
Xuntando estas cores  
fórmase un fermoso tul.

**Rosalía de Castro e Paula, 2ºB**






*Lugar máis fermoso  
non houbo na terra  
que aquel que eu miraba  
que aquel que me dera.*

A miña preciosa Galicia  
por onde eu paseaba,  
xa non sería o mesmo  
sen a súa presenza...

Lugar onde nacín,  
aquí fixen amigos,  
lugar onde crecín,  
a miña Galicia!

**Rosalía de Castro e Celia, 2ºB**






*Quíxente tanto, meniña  
tívenche tan grande amor  
que para min eras lúa  
branca aurora e claro sol.*

Quíxente tanto, meniña  
incluso máis que unha sardiña,  
que para min eras coma unha panxoliña,  
ben cantada e con paixón.

Se non me queres, meniña,  
non comerei máis sardiñas  
e nas festas de Nadal  
non cantarei máis panxoliñas.

**Rosalía de Castro e Carla, 2º B**




*Corre o vento, o río pasa  
corren nubes, nubes corren  
camiño da miña casa.*

Pero unha brasa pasa  
que arrasa con toda a masa  
leva por diante unha nube  
moi preto da miña casa.

Ai, miña casiña!  
Recupérate xa axiña,  
se non esta pobre mociña  
vai quedar sen a súa casiña.

**Rosalía de Castro e Érika, 2ºB**






*Perdín de vista as estrelas,  
planetas e astros,  
todos se difundiron na escuridade.*

De súpeto,  
unha estrela comezou a brilar...  
E apareceron planetas, astros, estrelas...  
A claridade reinou no espazo.

**Rosalía de Castro e Fernanda, 2º B**



*No ceo, azul clarísimo;  
no chan, verdor intenso;  
no fondo da miña alma,  
todo sombrío e negro.*

No meu corazón só sinto  
amargura e dor.

Cando alguén me sorrí,  
sinto que todo vai ir ben,  
pero cando volvo ao meu  
mundo...


ese sentimento vaise.

Sinto amor, sinto amargura...

O meu mundo está patas arriba!

**Rosalía de Castro e Icía, 2º B**





*Corre o vento, o río pasa,  
corren nubes, nubes corren  
camiño da miña casa.*


*O lobo ouveaba,  
Carapuchiña asustada.*

*Aquelas risas sen fin,  
aqueles días de parchís,  
aquela louca alegría,  
por que acabou?*

*Aquelas partidas ao pilla, pilla,  
aqueles días de parchís,  
aquelas tardes de tele,  
por que terminou?*

**Rosalía de Castro e Bruno, 2º B**






*No ceo, azul clarísimo;  
no chan, verdor intenso;  
no fondo da miña alma,  
todo sombrío e negro.*

No paxaro, marrón claro;  
na roupa, amarelo ovo;  
no fondo do meu corazón,  
todo apagado e escuro.

No cabelo, ouro relucente;  
nas montañas, branco impoluto;  
no fondo dos meus sentimentos,  
sen luz nin esperanza.

**Rosalía de Castro e Joel, 2º B**




*Quixente tanto, meniña  
tívenche tan grande amor  
que para min eras lúa  
branca aurora e claro sol.*

Eu sen ti non son naide, meniña,  
eres o meu destino,  
o meu lugar,  
o meu amor,  
a miña pequeniña.

**Rosalía de Castro e Saray, 2º B**






*Miña terra, miña terra,  
terra donde me eu criei,  
hortiña que quero tanto,  
figueiriñas que prantei.*

Miña terra é Galicia,  
terra de corazón,  
onde as nubes están cheas  
e non existe o sol.

**Rosalía de Castro e Belén, 2º B**



The top corners of the page are decorated with stylized floral illustrations. On the left, there are pink and teal branches with small circular buds and teardrop-shaped leaves. On the right, similar pink and teal branches with buds and leaves are visible.


*Unha vez tiveren un cravo  
cravado no corazón,  
e eu non me acordo se era aquel cravo  
de ouro, de ferro ou de amor.*

Eu intentaba moverme,  
e retorcíame da dor.  
Aparezo nunha caixa  
que desprendía un fedor...

Que faría eu alí,  
metida naquel camiión?  
Pois descubrino ao chegar  
a unha fábrica de latón.

**Rosalía de Castro e Lila, 2ºB**

The bottom corners of the page are decorated with stylized floral illustrations. On the left, there are pink and teal branches with small circular buds and teardrop-shaped leaves. On the right, similar pink and teal branches with buds and leaves are visible.




*Lugar máis fermoso  
non houbo na terra  
que aquel que eu miraba  
que aquel que me dera.*


Lugar máis fermoso  
non houbo, Galicia,  
que aquel no que nacera,  
que aquel no que rira.

Lugar máis fermoso  
non houbo no mundo,  
que aquel no que vivira,  
que aquel no que creara.

Lugar máis fermoso  
non houbo no planeta  
que aquel no que xogara,  
que aquel no que camiñara.

**Rosalía de Castro e Rita, 3ºA**





*Aquelas risas sen fin,  
aquele brincar sen dolor,  
aquela louca alegría  
por que acabou?*

Coas ganas que teño de volver,  
por que non podo retroceder?  
O corazón vaime doer  
porque a ti eu quérote ver.

Eu queríate, meu amigo,  
agora vivo este castigo,  
por non estar contigo,  
o meu corazón está partido.

**Rosalía de Castro e Silvana, 3ºA**

The page is decorated with stylized green leaves and circles. The leaves are in various shades of green and are scattered around the text. Some are large and pointed, while others are smaller and more rounded. The circles are also in shades of green and are scattered throughout the page, some overlapping the leaves.


Paruadas no prado

*Corre o vento, o río pasa  
corren nubes, nubes corren  
camiño da miña casa.*

Tontos saltan  
e cando o vento sopra,  
pedras voan.  
Do ceo caeu unha rosa.

Onte comín unha oblea,  
como non son poeta,  
parviño o que o lea.

**Rosalía de Castro e Álvaro, 3ºA**




*Aquelas risas sen fin,  
aquele brincar sen dolor,  
aquela louca alegría,  
por que acabou?*

Por que acabaría, miña amiga?  
Estar lonxe de ti fastidia,  
xa que a min ti me fascinas,  
devólveme a alegría!

A tristeza invade a miña alma,  
tiñamos que tomalo con calma.  
O meu corazón vaise marchitando,  
quero sentir de novo o teu encanto.

**Rosalía de Castro e Lola, 3º A**






*Cando era tempo de inverno  
pensaba en donde estarías;  
cando era tempo de sol,  
pensaba en donde andarías.  
¡Agora... tan só penso,  
meu ben, se me oludarías!*

Cando era tempo de choiva  
pensaba se volverías...  
Ai, meu amor, aínda me amarías!?

**Rosalía de Castro e Pharis, 3ºA**





*Galicia está pobre  
e á Habana me vou...  
¡Adiós, adiós prendas  
do meu corazón!*


Na Habana fai calor  
e vou comer cousas ricas,  
pero non tanto  
coma o cocido da miña tía.

Logo voume a Italia  
e alí como patacas,  
logo vou a Francia  
e alí como napolitanas.

Gústanme todos os lugares  
pero máis me gusta España  
porque alí como  
moita fabada.

Acabo en Galicia  
e vou á miña casaña,  
alí teño moito que comer  
porque hai moitas verciñas.

**Rosalía de Castro e Xaime, 3ºA**




*Cando penso que te fuches  
negra sombra que me asombras  
ó pé dos meus cabezales  
tornas facéndome mofo.*

Cando penso que te fuches  
negra sombra que me asombras  
miro ao mundo exterior  
e véxote en todas as cousas.

Cando penso que te fuches  
negra sombra que me asombras,  
finalmente eu voume...  
e ti, voltas.

**Rosalía de Castro e Brandon, 3ºA**




*Lugar máis fermoso  
non houbo na terra  
que aquel que eu miraba  
que aquel que me dera.*

Alí no meu pobo  
xogaba ás raquetas,  
xa fora en inverno,  
xa fora en primavera.

Lugar máis fermoso  
para xogar ás raquetas  
non houbo coma o meu pobo  
en primavera.

**Rosalía de Castro e Oliver, 3º A**





*Lugar máis fermoso  
non houbo na terra,  
que aquel que eu miraba  
que aquel que me dera.*


Fermoso lugar  
onde eu nacín,  
naquel que vivín  
fermoso lugar.

Aquel que eu miraba  
que nunca me amara,  
foise de súpeto,  
foise sen nada.

Miña terra,  
miña fermosa terra,  
Galicia verde,  
Galicia perfecta!

**Rosalía de Castro e Javi, 3ºA**



The top corners of the page are decorated with stylized floral illustrations. On the left, there are pink and teal branches with small circular buds and teardrop-shaped leaves. On the right, similar pink and teal branches with buds and leaves are visible.

*Aquelas risas sen fin,  
aquele brincar sen dolor,  
aquela louca alegría,  
por que acabou?*


Aquelas risas sen fin,  
aqueles días de verán  
cando os pasabas xunto a min  
dime cando volverán.

Nese frío inverno  
o mundo ante min crecía,  
parecíame un inferno  
xa que sen ti vivía.

Chega a primavera  
co seu fermoso colorido,  
encóntrome á túa beira,  
estou feliz, estou contigo.

**Rosalía de Castro e Inés, 3ºA**

The bottom corners of the page are decorated with stylized floral illustrations. On the left, there are pink and teal branches with small circular buds and teardrop-shaped leaves. On the right, similar pink and teal branches with buds and leaves are visible.




*Lugar máis fermoso  
non houbo na terra  
que aquel que eu miraba  
que aquel que me dera.*


Lugar máis fermoso ca Galicia  
no mundo non hai ningún,  
nin sequera as bonitas praias de Cancún,  
nin as grandes montañas do Nepal,  
Galicia, unha terra sen igual.

Ti es o meu corazón,  
sempre estás ao meu carón.  
Verás que non tes comparación,  
téñote xigante devoción.

Galiza verde como os seus bosques,  
azul coma a chuvia que vén das tormentas,  
olorosa polas súas flores, brancas e fermosas.

**Rosalía de Castro e Iker, 3ºA**





*Aquelas risas sen fin,  
aquele brincar sen dolor,  
aquela louca alegría  
por que acabou?*


**Aquelas risas sen acougo  
aquelas présas sen destino,  
aquelas palabras alouçadas...  
por que rematou?**

**Aqueles días sen noite,  
aqueles lugares con sorte,  
aquele pensamento sen rumbo...  
por que acabou?**

**Aquel cantar sereno,  
aquele sereno cantar  
aquele doce soar...  
Xa é hora de rematar?**

**Rosalía de Castro e Zaira, 3ºA**




The page is decorated with stylized green leaves and flowers. Large, light green leaves are positioned at the top and bottom corners. On the right side, there are dark green flowers with five petals. At the bottom left, there are smaller dark green flowers and leaves.

*Lugar máis fermoso  
non houbo na terra  
que aquel que eu miraba  
que aquel que me dera.*

Lugar máis fermoso  
non vin cos meus ollos,  
era todo o que eu amaba,  
era todo ao que eu cantaba.

Lugar máis fermoso  
nunca o encontrei,  
que aquel que eu ollaba  
cando ao meu redor miraba.

**Rosalía de Castro e Sara L., 3ºA**




*Lugar máis fermoso  
non houbo na terra  
que aquel que eu miraba  
que aquel que me dera.*

Lugar de ríos e bosques,  
lugar de xélicas noites,  
onde eu me criei,  
onde eu morrerei.

Galicia, fermosa  
de suaves baladas,  
de fortes marexadas  
e de grandes treboadas.

**Rosalía de Castro e David 3ºA**




*Unha vez tiveren un cravo  
crañado no corazón  
e eu non me acordo se era aquel cravo  
de ouro, de ferro ou de amor.*

Eu sempre recordo o meu cravo  
co que teño unha ferida aberta,  
canto toda a noite unha oración  
para curarme deste amor.

Non podo facer máis  
para estar contigo.  
Eu quérote moito, meu amigo.

**Rosalía de Castro e David 3ºA**






*Miña terra , miña terra,  
terra donde me eu criei,  
hortiña que quero tanto,  
figueiriñas que prantei.*

Adeus miña terra,  
que todo me deu.  
Adeus a Galiza,  
o meu corazón é teu.

Estou xa no barco  
partindo de aquí,  
estou xa no barco  
pensando en ti.

Xa teño morriña  
da praia do Orzán,  
xa teño morriña  
da terra de Breogán.


**Rosalía de Castro e Gabriel, 3ºA**



*Aquelas risas sen fin,  
aquele brincar sen dolor,  
aquela louca alegría  
por que rematou?*

Bótote de menos.  
Acabou para non volver?  
Acabou por non ver?  
Acabou no chover?  
Aquel amor infinito,  
finito quedou?  
Por que rematou?

**Rosalía de Castro e Borbála, 3ºA**



*Galicia está pobre  
e á Habana me vou...  
¡Adiós, adiós prendas do meu corazón!*


*Galicia está a morrer  
e alá me vou...  
¡Adiós, adiós prendas do meu corazón!*

*Deixo o lugar onde nacín  
e á Habana me vou...  
¡Adiós, adiós prendas do meu corazón!*

*Deixo o lugar que me criou  
e á Habana me vou...  
¡Adiós, adiós prendas do meu corazón!*

**Rosalía de Castro e Cristina, 3ºA**







*Cando era tempo de inverno,  
pensaba donde estarías;  
cando era tempo de sol,  
pensaba en donde estarías.  
¡Agora... tan só penso,  
meu ben, se me oludarías!*

Cando era tempo de primavera,  
pensaba se me amarías;  
cando era tempo de verán,  
pensaba se te estarías bañando;  
cando era tempo de chuivia,  
pensaba se me recordarías.  
¡Agora... tan só penso,  
meu ben, se me oludarías!

**Rosalía de Castro e Nuno, 3ºA**





*Aló nas tardes serenas,  
aló nas tardes caladas,  
fanse máis duras as penas  
que nas brandas alboradas.*

Aló nas tardes escuras,  
aló nas tardes pesadas,  
os mozos apuran mentres  
os vellos choran coma cascadas.


Aló nas cartas de inverno,  
aló nas cartas pasadas  
fanse as tardes un inferno  
e as mañás atadas.

Aló nas brisas do vento,  
aló nas brisas pesadas  
cando veñen os movementos  
das túas tristes pisadas.

**Rosalía de Castro e Martina, 3ºA**








*Por que, miña almiña,  
por que agora non queres  
o que antes querías?*


Nun tempo pasado  
ías comigo da man,  
nun pasado tempo  
caía contigo ao chan.

Non quería que acabase,  
a miña alma non soportaría,  
que ti te foses así  
pola noite ou polo día.

*Por que, miña almiña,  
por que agora non queres  
o que antes querías?*

**Rosalía de Castro e Alicia, 3ºA**






*Aquelas risas sen fin,  
aquel brincar sen dolor,  
aquela louca alegría  
por que acabou?*

A amargura chegou,  
e os corazóns choran,  
cheos de moita dor,  
por que comezou?

A paixón rematou  
e con ela o noso amor.  
Cantos anos pasarán  
ata que a poidamos recuperar?

**Rosalía de Castro - Claudia e Andrea 3ºB**


The page is decorated with stylized green leaves and flowers. Large, light green leaves are positioned at the top and bottom corners. On the right side, there are dark green flowers with five petals. At the bottom left, there are smaller dark green flowers and leaves.

*Lugar máis fermoso  
non houbo na terra  
que aquel que eu miraba  
que aquel que me dera.*

Este lugar era fermoso  
só de velo quedo namorada.  
Eu mirábao,  
eu observábao.

Fermoso lugar,  
fermosa paisaxe,  
quedo namorada,  
quedo eclipsada.


**Rosalía de Castro e María M., 3ºB**



*Lugar máis fermoso  
non houbo na terra  
que aquel que eu miraba  
que aquel que me dera  
o fogar no que estaba.*

Lugar que recordo  
coa miña memoria,  
negro como a noite,  
branco como a folla.

**Rosalía de Castro e Mario, 3ºB**




*Unha vez tiveren un cravo  
cavado no corazón  
e eu non me acordo se era aquel cravo  
de ouro, de ferro ou de amor.*

De amor era ese cravo  
que ben cavado estaba,  
de dor era ese cravo  
e por iso eu choraba.

Era inverno no corazón,  
por iso tiña tanta dor,  
o corazón cheo de paixón  
e dorido de amor.

**Rosalía de Castro - Lara e María O. 3ºB**




*Miña terra , miña terra,  
terra donde me eu criei,  
hortiña que quero tanto,  
figueiriñas que prantei.*

Rosas brancas e amarelas,  
casiñas grandes e pequenas,  
terra que tanto quero,  
o lugar que máis aprezoo.

Pepinos e repolos,  
caldos e cachelos,  
esta é a vida  
que eu tanto quero.

**Rosalía de Castro - Ángela e Nuria, 3º B**




*Por que, miña almiña,  
por que agora non queres  
o que antes querías?*

Por que me deixaches soíña?  
Non podo vivir senti!  
Eu son o teu rei e ti a miña raíña!

Cando vexo a chuvia caer  
penso en ti...  
Recórdanme as miñas lágrimas  
e o meu querer.

**Rosalía de Castro - Lucía e Alberto 3º B**



*Lugar máis fermoso  
non houbo na terra  
que aquel que eu miraba  
que aquel que me dera.*


Tiven que deixala  
e non puider vela,  
é moi grande a miña pena e  
por iso recito este poema.

Non tiver tempo para ti,  
pero sempre penso en ti...  
Para min es coma o meu Tintín,  
que me descobre coma  
o meu curmán Martín.

**Rosalía de Castro - Joshua e Iria, 3º B**









*Aló nas tardes serenas,  
aló nas tardes caladas,  
fanse máis duras as penas  
que nas brandas alboradas.*

*Con este vaso de viño,  
parece que te olvido,  
sae do meu corazón  
que estou dorido.*

*Co meu corazón  
ti non xogas máis,  
vaite ao carallo  
e non voltes máis.*

**Rosalía de Castro - Pablo e Edher 3º B**





*Aquelas risas sen fin,  
aquel brincar sen dolor,  
aquela louca alegría,  
por que acabou?*

Aqueles xogos infantís,  
ó pé destas montañas,  
o teu sorriso, meu ben,  
por que acabou?



Por que?

Por que o teu rostro murchou,  
engurrado pola tristeza,  
e dun día para o outro,  
perdeu toda a súa beleza?


Os teus dourados cabelos,  
os teus claros ollos,  
a túa branca pel  
e finos labios.

Cal árbore de inverno,  
espida, tremelicante e humillada,  
atopeite unha tarde de febreiro  
no leito postrada.

Por ti derramei bágoas amargas,  
biqueite e agarimeite,  
tratando de esperarte.  
Ao final deime conta  
de que... xa non respirabas.



**Rosalía de Castro e Ada, 3º B**




*Por que, miña almiña,  
por que agora non queres  
o que antes querías?*

Por que me deixaches soíña?  
Por que agora non queres  
o que antes querías?

A choiva acompaña  
o meu pranto.  
Por que xa non me queres?

**Rosalía de Castro - Uanessa e Eduardo, 3º B**




The page is decorated with stylized green leaves and flowers. Large, light green leaves are scattered at the top and bottom. On the right side, there is a cluster of dark green, circular shapes resembling flower buds or petals. At the bottom left, there is a small green flower with three petals and a stem.

*Aló nas tardes serenas,  
aló nas tardes caladas  
fanse máis duras as penas  
que nas grandes alboradas.*

Que Deus bendiga as nosas ceas  
aquelas nas que acabamos recheas,  
por favor, que alguén o lea...  
Señor sálvanos das nosas penas.

**Rosalía de Castro - Jon e Alejandro, 3º B**




*Miña terra, miña terra,  
terra donde me eu criei,  
hortiña que quero tanto  
figueiriñas que prantei.*

Miña terra, miña terra,  
lugar que me viu crecer,  
un lugar que non me aterra  
e no que teño moito que aprender.

Miña terra, miña terra,  
agora teño que marchar.  
Tranquila, non sintas pena  
que algún día hei de voltar.

**Rosalía de Castro -  
Miguelangel e Jaime, 3º B**



*Aló nas tardes serenadas  
aló nas tardes caladas  
fanse máis duras as penas  
que nas brandas alboradas.*

Eu non teño palabras  
para poder expresar  
as penas que me oprimen  
e non me deixan falar.

Canto me roubaches,  
oh meu querido amado!  
Has de devolverme  
o meu corazón queimado.

**Rosalía de Castro - Lukas e Marcos, 3ºB**



# Trocando en sorrisos, queixiñas e choros

**Rosalía de Castro**

